

NOME DA ACTIVIDADE

➤ **Buscando o consenso**

TIPO DE ACTIVIDADE

➤ **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

➤ **EN PARELLAS**

DURACIÓN

➤ **MÁIS DE 40 MINUTOS**

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

Estás nunha situación conflictiva e tes que enfrontarte a ela co guión que che dan.

MATERIAIS DA FICHA

Situación 1

- Personaxe A: Estás nunha sala de espera e levas unha chea de horas agardando a túa vez para entrar ao médico. Alguén que acaba de chegar intenta persuadirte para que o deixes pasar. Ti non vas ceder e fas por explicarlle amablemente que debe agardar a que lle toque.
- Personaxe B: Estás nunha sala de espera para o médico, acabas de chegar, pero queres entrar xa. Intentas persuadir a unha persoa que está tamén na consulta, pero non tes ningunha razón de peso para que che ceda a súa vez. Con todo, insistes e ata te pos desagradable.

Situación 2

- Personaxe A: Estás nunha reunión na que tes que expoñer o traballo do último semestre. Cando estás a piques de comezar un compañeiro acúsate de que lle roubaches o material para facer a presentación. Ti amablemente intentas que entre en razón e que o falades en privado.
- Personaxe B: Estás nunha reunión na que alguén vai expoñer o traballo do último semestre. Ao verlle o material pareceche que os datos que vai expoñer son teus e montas en cólera, e aínda sen estar seguro non cedés.

Situación 3

- Personaxe A: Estás no xardín da túa casa xogando co can cando o veciño do lado te asalta acusándote de deixalo ceibo polas noites o que provoca que vaia facer buratos na súa parcela. Ti sabes que iso non é verdade e intentas explicarllo amablemente.

- Personaxe B: Saíches ao xardín da túa casa e ves o veciño xogando co can que cres que che escava no xardín polas noites. Non tes probas de que sexa el, pero estás tan convencido que lle discutes sen ceder.

Situación 4

- Personaxe A: Vas pola estrada no coche e esvaras nunha mancha de aceite, de xeito que non che dá tempo a frear e dálle ao coche que vai diante. Á persoa que vai no coche de diante non lle pasou nada e os danos materiais non son importantes, pero está moi alterada e acúsate de ir a demasiada velocidade e de conducir de xeito temerario. Ti intentas explicarlle amablemente cal é a realidade.
- Personaxe B: Vas pola estrada no coche e a persoa que vén detrás bate contra ti. Enseguida interpretas que foi polo exceso de velocidade, polo que cando ves que estás ben, baixas do coche e enfróntaste a ela duramente para acúsala de ir demasiado rápido.

APOIOS LINGÜÍSTICOS

Fórmulas de cortesía

Vostede_____

Desculpe / perdoe_____

Creo que_____

Está vostede equivocado_____ xa que / porque _____

Perdoe, importaría lle se paso antes ca vostede, é que_____

Síntoo moitísimo, pero non pode ser porque_____

Perdoa, pero ese traballo é meu, seino porque_____

Creo que estás equivocada porque_____

Perdoe, pero o seu can_____

Sen dúbida está vostede nun erro, xa que_____

Dáme a sensación de que excedía moito o límite de velocidade_____

Creo que se traba ca vostede xa que_____

